

Pregón da Festa do Viño de Betanzos 1993

MANUEL MARÍA*

Ilmo. Sr. Alcalde,
BETANCEIROS
MOI QUERIDOS
AMIGOS:

Esta é a segunda vez que temos o privilexio e o honor de facer o pregón e louvanza do viño de Betanzos dos Cabaleiros. O noso primeiro pregón pronunciámolo un día, pra nós, inesquencible dun dourado setembro do ano 1957. O acto celebrouse, orgaizado polos viñateiros betanceiros, en honra da súa padroeira Nosa Señora das Viñas. Naquela ocasión lanzamos ao vento, ás aves, ás vides e ás xentes as nosas emocionadas palabras, no adro de Santa María do Azogue. Hoxe, trinta e seis anos despois, pola vosa benevolencia, voltamos a preogar o voso viño neste noble edificio erguido para ser Arquivo do Reino de Galiza, un reino perdido no tempo do que só unhos cantos nostálgicos melancólicos temos a esvaída sombra da súa lembranza. Pero se este noble recinto non arquivou documentos, arquivou en troques, actos culturais, noivados, desenganos, ilusíons, ledas libaciós a Baco, deus do viño e do optimismo, anacos vivos da existencia betanceira, lembranzas amadas que levades gardadas no máis fondo do voso corazón. Trinta e seis anos son máis que os precisos prá madurez da vida humana, sempre tan

curta por moi longa que sexa. En trinta e seis anos cantaron moitos cucos e maduraron moitas vides. E que sigan madurando sempre.

Dende os lonxanos días da nosa adolescencia admiramos e amamos a esta fermosísima cidade de Betanzos dos Cabaleiros que, xentilmente, nos dá serventía de paso cando as xentes da Terra Cha viaxamos á clara e cristaiña cidade de A Coruña pra ollar o mar do que nós carecemos. En Betanzos temos demorado moitas veces e paseado as súas rúas, gastando nelas as nosas necesarias vagancias, gozando do resplandor dos seus días e do misterio das súas noites. Como non tiñamos outra cousa que ofrecerlle, deixámoslle un molliño de versos pra decirlle o noso amor pois a língoa do amor é sempre musical e poética. Unhos poemas entusiasmados, máis cheos de emoción que de perfección formal.

Con nós levamos, ademais da gracia do seu viño, o feitizo dos seus vellos poetas medievais: PERO DE AMBROA, que correu Andalucía, cecais pra contemplar o Guadalquivir de ouro e comparalo co seu nativo Mandeu e tivo o privilexio e o gozo de ser amante de María Balteira, a famosísima soldadeira natural de Coirós e a flor máis fermosa, recendente e escandalosa da corte de Alfonso X o Sabio. Pero de Ambroa, satírico e retranqueiro, cuíos versos arrincan sempre en nós a luciña

* Manuel María, naceu en Outeiro de Rei o 6 de outubro de 1929. Estudiu o bacharelato en Lugo, onde entra en contacto con Anxel Fole, Ramón Piñeiro, Luis Pimentel, Anxel Xohán e outros intelectuais, o que reforza as súas afeccións literarias. É un dos escritores galegos máis prolíficos, cultivando todos ou case tódolos eidos literarios: narración, teatro e, sobre todo, poesía. Acadou moitos premios e unha xustificada fama. Outra das facetas en que destaca é na de conferenciante, como non podía ser menos ó tratarse dun conversador e comunicador verdadeiramente extraordinario.

dunha amable sorrisa. Ou do crego PERO AMIGO DE ESCANOI que pasou á historia da nosa poesía co nome de PERO AMIGO DE SEVILLA, crego en Ambroa, coengo de Oviedo e Salamanca, onde testou no ano 1302, deixando a súa viola "a Pedro Loçano jogar e que diga un paternoster cada día que con ella violar." A súa variada obra poética ten fondas raigañas populares e está tinguida dunha sutil emoción conmovedora.

Das nosas lembranzas betanceiras destacamos a inesquencible alegría dos Caneiros, a maxia do globo sanroqueño e a voz das súas campanas: Santiago, San Francisco, Santa María do Azougue... Pronunciar estes nomes é como evocar unha música celeste. Lembrar o sartego de Fernán Pérez de Andrade o Bó -o moimento funerario máis fermoso de Galiza- é despertar en nós o son das trompetas e dos cornos de caza que atronaban a fraga de antano. O cruzar a Ponte Vella é deprender a xeometría do círculo, espellándose nas mansas ondas do Mandeo... ¡E ese delirio esborrallado que é o *Pasatiempo!*

Xa na Biblia -o libro dos libros- se lle que o *viño alegre o corazón do home*. O viño é un dos grandes dons que lle foi concedido aos humanos e dos que pode usar e dispoñer. Por algo o viño e o pan son especies sacramentais. Cada viño, como cada terra, como cada ser humano, ten a súa personalidade. Os viños galegos son mansos, dóciles, tolerantes e humanos como somos nós. Teñen o gosto agridoce da saudade melancólica e a prodixosa cór da nos paisaxe. Un viño de Valdeorras ou de Quiroga leva a gravidade daqueles montes e serras e unha certa rusticidade aprendida da música do Sil, pese á disciplina que lle impuxo a severidade militar romana. O viño do Ribeiro ten a esencia do canto bucólico do Avia e o sortilexo daquela terra fermosísima e perfecta, un dos paraísos do País Galego. O viño do Condado acusa a irmandade con Portugal e as súas melancolías e delicados

sentimentos, un viño propio pra namorados. As uvas de Salvaterra espéllanse no Miño xa maduro de lembranzas, adiviñando o Atlántico enorme e poderoso. Os viños do Salnés -os albariños- saben da brisa salgada, da onda mareira, dos versos de Cabanillas, do grave fungar do piñeiral de Tragove e do lento, amoroso camiñar do Umia. Vaia a nosa lembranza pró Amandi, esa fantasía case, un viño que, según o patriotismo local, se usou nas mesas dos Césares romanos, o que dudamos, pois íalles ser difícil competir cos famosos chiantis e cos famosos falernos, onde son as viñas papales. E finalmente os viños de Chantada, socarrós e labregos, de gustoso beber, non vanamente a palabra Chantada é semellante á de Chianti, que canta nos nosos beizos ao nombrala, tanta é a súa música e o seu poder de evocación. Non podemos, de ningún xeito, esquecer aos viños da Ulla, arrolados polas ondas do río apostólico, criados á sombra do Pico Sagro, tan veciños de Compostela que teñen tódolos aromas do país e, ao bebelos, temos a sensación de que os nosos pecados nos son perdonados, polo menos os veniales.

Os nosos viños son pra beber con certa xenerosidade, debido á súa prudencial cantidade de alcohol, tan enemigo do home. Impresiona este poema de Manuel Machado titulado *ALCOHOL*:

*Claro nombre, mortal como el pecado
y la herida del corazón.*

Agua de perdición.

Nombre de demonio.

Delicia insana.

¡Alcohol!

Mentira, química, muerte.

Falso, fuerte,

dicha fea...

¡Maldito sea!

Que os nosos viños sexan baixos en alcohol é maravilloso. Viños hai polo mundo adiante que só se poden cheirar e non beber. Usalos como quen toma un medicamento, en pequenísimas dosis. Un prefire -e como nós tódolos galegos- beber viños en grandes cuncas, botar unhos grolos cumpridos, competentes, despaciosos. Masticar o viño pra decilo de algún xeito. Deixar que toda esa regalía nos molle ben a fondo línga e paladar e escorra gorxa abaixo amodiño, disfrutando como é debido de cada pinga. E logo calar. E máis tarde desatar a nosa palabra nun afán de comunicación cos nosos semellantes e co mundo. Gustar do recendo e do sabor que nos queda no ceo da boca, na lembranza e no sentimento. E facer partícipes do noso gozo a familiares e a amigos, seguindo a interrompida conversa, rito solemne e sagrado. Compre beber sempre en compañía e amor. Nada hai tan triste como beber en soedade. É tráxico. O viño abre o noso corazón e desata a nosa torpe língua e ún faise falador e comunicativo, é decir: humano. A conversa -esa maravilla que estamos a perder día a día- pode ser perfecta. O poeta persa Omar Kayyam sabíao ben: todo é provisorio menos o viño:

*Só nos está concedido un breve intre
pra gustar o viño neste inmenso páramo.
Xa palidece o astro da noite.
A Caravana da Vida
está a chegar ao remate da súa viaxe:
a Alba da Nada.
Imos, date presa pra beber.*

E pra beber nada mellor que o viño de Betanzos. Aquel sedento ilustre, pintor xenial e anxelical criatura que se chamou Urbano Lugris, tan parcial de Betanzos, fixo louvanza, en fermosos versos do seu viño:

*Brinca o viño nas cuncas con festeiro
son ritual, i a linfa rosa e pura
verte a bicuda xarra dende o alto,
fervenza de rubís escentilantes...
¡Inmorrente canzón do viño! ¡Limpa
voz da crara ribeira! ¡Voz da Luz!
¡Que soles e luares, que paxaros
no souril corazón da uva! ¡Fonte
da danza, do amor, da poesía
e dos máxicos ceos vagorosos
que na alma esquecida de si mesma,
voa, de azas azús, na inmensidade!*

Urbano Lugris sabía, como o sabe este servidor, que o viño auténtico deixa, no fondo branco da taza, o retrato da terra en que naceu. No fondo de moitas tazas temos contemplado o mar de Cambados, o Miño, o aurífero Sil ou as torres de Betanzos.

O viño de Betanzos é excelente. O conocido libro *Os viños de Galicia* -a biblia dos nosos viños- da autoría do noso amigo Xosé Posada, Gran Chanceler da *Irmmandade dos Vinhos Galegos*, enséñanos que esta bisbarra ten adicadas 173 ha. a viñedo. E que "en Betanzos embotéllase un 20% da produción, o que representa aproximadamente 260.000 litros sobre un total de un millón trescentos mil". Non sabemos se as cifras serán un pouco esaxeradas. Deixémolas así. Xa Antonio Machado decía que ás palabras de amor sempre lles quedaba ben un pouco de esaxeración.

Ao falar dos viños galegos, Alvaro Cunqueiro ten escrito:

"Non quero deixar sen o seu ramallo de loureiro
 "lambrequín dos escudos das tabernas galegas-
 "a cidade de Betanzos, onde, se os viños cadetes
 "son floxos, bébese moito, anque non tanto como en
 "Lugo ou en Compostela. Pero en Betanzos bébese ben
 "porque as súas tabernas son as máis recendentes do
 "país galego e coroa a súa porta o ramallo de
 "loureiro romano. Viños galegos. Son como somos os
 "galegos. E tamén como galegas. Pese ao seu agre,
 "as súas breves forzas e calores, ao seu cal re-
 "pousado, eu gusto deles como de borgoñas, burdeus,
 "sauternos ou o que sexa. Teñen un amor que hai que
 "buscárllelo, axudándolles a franquearse. Humíldes,
 "honestos, mansos, suaves e remisos viños, eu ergo
 "na miña mau a taza pra lembralos e louvalos, den-
 "de o Miño ao Mandeu, dándolle a volta ao mapa da
 "miña terra".

Entendemos que os viñateiros betan-
 ceiros tiñan que dar licencia e salvocon-
 ducto pra adicar os seus mellores viños
 aos poetas e artistas desta terra, novidade
 inventada polos italianos. E non só aos
 poetas. Este que vos fala catou, na Tosca-
 na, viños adicados ao bucólico Virxilio e
 ao doce Catulo. Se entre nós se impuxera
 tal moda -o que sería moito de desexar-
 era de xusticia adicarlle viños a Pero de
 Ambroa, Pero Amigo de Sevilla, María
 Balteira, Fernando de Andrade o Bo, don
 Claudino Pita, Vales Villamarín... ¡que
 sei eu!, cuias sombras, sen dúbida, están
 con nós neste noble recinto. Despois de
 saborear como é debido un bo tinto betan-
 ceiro, do que tan parciais somos, acuden
 á nosa memoria estas palabras namoradas
 pra celebrar o acontecemento:

*Viño mouro que semellas a noite
 ou os roibés acesos do solpor,
 don eucarístico e pagano
 ao que o meu paladar
 conoce, saborea e ama.
 Nesta vida, leve e fuxidía,
 somentes temos tres compañas
 cara ao noso radical desamparo:
 o amor, o viñño e a amizade,
 trinidad perfecta
 que fai do home un esistente
 conscente de ser e de vivir.
 ¡Ouh viño amigo e compañeiro,
 esencia e flor da terra,
 lume e forza do sol:
 penetra, queima, abrasa
 as miñas veas tépedas
 e faine ledó e claro o corazón.!*

O viño é o mellor agasallo que se lle pode facer a un cristiano apostólico, com-postelano. Un ten cavilado moitas veces que a única e verdadeira eternidade que os deuses lle poden conceder a un mortal é o amor, o gozar dun bo viño -tal o de Betanzos-, a conversa con amigos xenerosos, sensibles e intelixentes e o disfrute dos dons e das paisaxes destas terras betanceiras, nas que os nosos ollos non poden desexar máis beleza -porque xa sería soberbia- e onde todo está feito, dun xeito insuperable, a medida do home. Non cabe no mundo mellora ou perfección. Sen viño non pode darse nada perfecto e rematado. Un viño que se entregue a nosa sede tal é como é, sen que sexa preciso tocar ou adulterar a súa pureza orixinal. Cecais o único que lle faltou á cultura clásica foi un viño como este noso. Sabemos que os gregos da antigüidade, nos seus convívios, proveitosos e deleitosos coloquios, dos que naceron, por exemplo os *Diálogos* de Platón, botábanlle auga ao viño, pois o de aquelas terras era demasiado forte e volvíase a eles. Se tiveran un viño como o de Betanzos non terían necesidade de mesturalo. E o seu mundo sería perfecto.

Temos a seguridade de que o viño de Betanzos foi quen inspirou aos seus poetas, iluminou aos seus arquitectos pra er-guer tan fermosísima urbe e fai subir, ao ceo agosteiro, o Grobo do Voto de San Roque, invento de don Claudino Pita. Entendidos houbo que sostuveron que o Grobo betanceiro ascende contra tódalas leises da gravidade, tal é o seu grandor, pois resulta máis pesado que o aire. De ser así, só se esplica a subida normal do Grobo se, ao inflalo, se fai, ademais de con lume, co espírito do viño do país. Viño que lle dá cores de fermosura as betanceiras e optimismo no xeito de ser dos betanceiros.

E antes de rematar diremos que no Brasil se convoca un Premio Nacional de Poesía sobre o Viño. O primeiro premio consiste en entregarlle mil garrafas de viño ao poeta ganador. Este pregoeiro pide por galardón escoitedes este vello poema seu en louvanza do viño de Betanzos, escrito nos días en que abría o seu corazón ao amor e os seus ollos a tódas as ilusíons posibles. Daríase por satisfeito se os seus versos valeran unha cunca de tinto de Tiobre.

Loa ao viño de Betanzos

I

COMENZO

QUERO comenzar no nome de Deus e de Santa María
e facer unha trova tenra e limpa como o día
que teña o silencio do val, a quietude da ría
e a cadencia inxénua e vella da cuaderna vía.

Quero facer unhos versos ledos de alma betanceira
nesta fala miña, vella, labrega e maríneira,
na miña fala escura, nacida no monte e na ribeira
porque eu non vos sei falar de outra maneira

Quero facer unhos versos versíños ó viño betanceiro
de sona tan probada e espírito tan lixeiro.

Quero facer unhos versos versíños de rimo cantareiro
arrolados, miña doce amiga, polo vento mareiro.

II
A CANTIGA

*Eu quixera ser, amiga, mariñeiro
pra navegar sempre no viño betanceiro
que ten a cór da alba.*

*Eu quixera, amiga, decirche o meu lecer
con viño de Betanzos lixeiro de beber
que ten a cór da alba.*

*Eu quixera, amiga, que me deras por don
viño betanceiro que alegra o corazón,
que ten a cór da alba.*

*Se eu fora un día pelegrín ou romeiro
levaría de compañía viño betanceiro
que ten a cór da alba.*

*Eu sei, amiga, que te hei de namorar
se o viño de Betanzos dá gracia ó meu cantar
que ten a cór da alba.*

*Betanzos ten cor de alba
que lle nace na campía.
E están os anxos na ría
pra madurar as súas viñas.*

III
A LOA

*Calquer viño de Betanzos
é o que Deus mais estima
que ama ó viño betanceiro
pra facerse sangue viva.*

IV
REMATE

*Quero rematar esta humilde e pobre trova betanceira,
rematala sinxelamente e da mellor maneira.
Quixera acabala á sombra amiga de unha abelaneira
agarinado polo vento claro de esta doce ribeira.*

*Quero rematar no nome de Deus e de Santa María
e de San Francisco de Asís, que gran virtude había.
E que só me den viño betanceiro por don e regalía
que eu non sei de outro viño que teña mais valía.*

*Quero rematar a rosa pobre do meu pobre cantar
con cantares de terra e con cantigas de mar.
E se queredes, meus señores, pagar a este xograr
abóndalle unha cunca do viño que acaba de louvar.*

Nada mais.
Beber con tino e sentidiño. □